

CONCURSO DE GUIÓN

CURTAS

MUTANTES

Curtas Festival do Imaxinario & Producciones Mutantes

1. OBXECTIVO E MARCO DE INDUSTRIA

Curtas Festival do Imaxinario, en colaboración coa produtora **Producciones Mutantes**, convoca o concurso de guións **CURTAS MUTANTES**. Esta iniciativa forma parte do programa de industria que o festival está a desenvolver e que se presentará oficialmente o vindeiro mes de maio. Enfocada no impulso de novos talentos do xénero fantástico, a súa filosofía é clara: *Curtas Mutantes* non é unha escola, é a porta de entrada á industria. É a ponte que permite a un guionista novel ter a súa primeira experiencia de rodaxe profesional co respaldo dunha produtora e un festival internacional.

2. REQUISITOS DOS GUIÓN S

- **Tema:** Xénero Fantástico e Terror. Os guións deben adscribirse ao xénero fantástico en calquera das súas variantes (terror, ciencia ficción, fantasía, thriller sobrenatural, etc.).
- **Duración:** O guión debe estar escrito para unha curtametraxe cunha duración máxima de 5 minutos.
- **Localizacións:** A historia debe desenvolverse nun máximo de dúas (2) localizacións.
- **Requisito indispensable:** Polo menos unha das localizacións debe ser un sitio recoñecible de Vilagarcía de Arousa.
- **Formato:** Os guións deberán presentarse en formato estándar da industria cinematográfica.

3. O PREMIO: PRODUCCIÓN E TITORIZACIÓN

O proxecto gañador recibirá un paquete integral de produción froito da colaboración entre o Festival e a produtora:

A. Rodaxe e Medios Técnicos:

- **Xornadas:** Concederanse un máximo de 2 xornadas de rodaxe.
- **Dirección de Fotografía:** A organización proporcionará os equipos de cámara e iluminación necesarios, así como un Director de Fotografía profesional.
 - *Nota: Queda a discreción do equipo gañador a posibilidade de achegar o seu propio responsable de Dirección de Fotografía.*
- **Son:** A organización encargarse integramente do departamento de son (equipo e persoal técnico).
- **Arte e Casting:** Serán responsabilidade exclusiva dos gañadores (atrezo, vestiario e selección de actores).

B. Programa de Titorización Profesional: O gañador contará co asesoramento de figuras destacadas do sector:

- **Guión:** **Alberto Marini** (*Mientras duermes, El desconocido, La unidad*) realizará unha titorización do guión gañador mediante videoconferencia para puír a narrativa e estrutura.
- **Dirección:** **Miguel Ángel Vivas** (*Secuestrados, Extinction, La casa de papel*) ofrecerá asesoramento (videoconferencia) enfocado na posta en escena e dirección.
- **Postproducción:** **Gero Costas** (*Producciones Mutantes*) realizará a titorización técnica e artística durante a fase de postproducción.
- **Distribución:** **Luis M. Rosales** (Director do Festival) realizará unha titorización sobre a estratexia de distribución.

C. Material Promocional e Distribución:

- **Póster:** Realización do cartel oficial da curtametraxe a cargo do equipo de deseño do Festival.
- **Distribución:** Un Pase Anual para a distribución da curtametraxe por cortesía da plataforma **Festhome**.
- **Descrición:** Este pase consiste nunha subscrición premium que permite realizar envíos ilimitados a festivais a través da plataforma, eliminando os custos de xestión (taxa de servizo) de Festhome durante un ano. Isto facilita o envío masivo a festivais de todo o mundo, especialmente a aqueles que non teñen taxa de inscrición propia (*entry fee*), optimizando o orzamento de distribución.

4. PARTICIPACIÓN E PRAZOS

- **Envío:** Os guións deben enviarse a través da plataforma Festhome, no apartado de *Curtas Mutantes*.
- **Documentación:** Debe adxuntarse o guión (formato PDF), unha breve sinopse, CV do autor/a e datos de contacto. Poderase engadir a información adicional que se considere.
- **Proceso de Selección:** O equipo de Curtas realizará unha primeira criba de todos os traballos recibidos para seleccionar 10 guións finalistas. Estes 10 traballos seleccionados serán lidos por un xurado composto polo produtor e director **Raúl Cerezo**, o crítico e guionista **Javier Trigales** e a directora **Olga Osorio**, quen determinarán o traballo gañador.
- **Data límite de recepción:** 30 de abril de 2026.
- **Fallo do xurado:** O gañador darase a coñecer o 15 de maio de 2026.
- **Datas de rodaxe:** As xornadas coordinaranse co organización e levaranse a cabo durante o verán de 2026.

5. DEREITOS E VISIBILIDADE

- Os participantes deben ostentar os dereitos de autoría da obra presentada.
- **Créditos:** A curtametraxe resultante deberá incluír obrigatoriamente na súa cabeceira e créditos os logotipos de *Curtas Festival do Imaxinario* e *Producciones Mutantes*, así como os dos patrocinadores do festival.
- **Estrea:** O gañador cede os dereitos da primeira exhibición pública ("Premiere") ao *Curtas Festival do Imaxinario*, que terá lugar durante a 54ª edición de Curtas.

6. ACEPTACIÓN

A participación en *Curtas Mutantes* implica a aceptación íntegra destas bases. A dirección de *Curtas Festival do Imaxinario* resérvase o dereito de resolver calquera imprevisto non contemplado nas mesmas.